



O equipo “Coto do Barro Z”, novo Campión da Copa España de caza de raposo

A comarca lucense de Portomarín, en pleno corazón da Riveira Sacra e do Camiño de Santiago, acolleu a séptima edición da Copa España de Caza del Zorro, na que participaron 90 equipos, que avistaron un total de 188 de raposos dos que se cobraron un total de 94.

Campión da proba foi o equipo da sociedade coruñesa “Coto do Barro Z”, con 5 raposo capturados, seguido do equipo “Os do Golpe” da sociedade de Becerreá (Lugo), con 4 raposos; mentres que terceiro foi “O Picato” da sociedade lucense do mesmo nome tamén con 4 raposos.



A xornada cinexética desenrolouse dentro da normalidade, a pesar do intento dalgúns grupos ecoloxistas de boicotear a mesma. A primeira hora da mañá Portomarín era un fervedeiro de xente, a vila estaba practicamente tomada polos cazadores, forzas do orde público e ecoloxistas.

Ás 12 da mañá celebrábanse dúas manifestacións, por unha banda os ecoloxistas en contra da caza, e por outra os agricultores e gandeiros que ademais de defender un medio rural digno, apoiaban a caza como medida de prevención dos danos ocasionados polas especies cinexéticas na agricultura e gandería.



Entre as 13:30 e as 14:30 horas, as 90 cuadrillas participantes entraban no control, onde ademais do conteo se analizaban os raposos capturados por parte dun equipo de veterinarios da Universidade de Santiago de Compostela capitaneados polo profesor Luis Eusebio Fidalgo.

Posteriormente celebrábase un almorzo de confraternidade nunha carpa situada no colexio de Portomarín, á que asistían 1200 persoas. Acompañaban aos cazadores, ademais do Presidente da Federación Galega de Caza, o Vicepresidente 1º Executivo e Responsable da área deportiva e de competicións da RFEC, o Xefe Provincial de Conservación da Natureza, o Capitán da Comandancia da Garda Civil de Lugo, o Alcalde de Guntín e a alcaldesa de Portomarín



Agricultores e gandeiros manifestándose na praza de Portomarín

acompañada dos voceiros de tódolos grupos municipais, entre outras autoridades.



Federación Galega
de Caza

Gabinete de Comunicación



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



A cuadrilla "Coto do Barro Z", gañadora da Copa España recibe os seus premios

CLASIFICACIÓN				
Pos	Cuadrilla	Sociedade	Prov.	Capturas
1º	Coto do Barro Z	Coto do Barro	CO	5 raposos
2º	Os do Golpe	Becerreá	LU	4 raposos
3º	O Picato	O Picato	LU	4 raposos
4º	San Salvador de Escuadro	Silleda	PO	4 raposos
5º	Entra Turín	San Nicolás	LU	4 raposos

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

www.federaciongalegadecaza.com

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 - 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>